

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Expte. Deputación: 2020023029	Expte. Subvención: 6405/2019	Expte. Actuacións preparatorias: 143/2019	Expte. Contratación: 2932/2021
Tipo de contrato: OBRAS			
Obxecto do contrato: MELLORA SERVIZOS URBANÍSTICOS R/MANUEL MURGUÍA			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado abreviado			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas			
Prezo estimado: 51.327,72 €			IVE: 10.778,82 €
Orzamento base de licitación: 62.106,54 €			
Duración: 3 meses			
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención crédito N.º OPERACIÓN	Importe retido
2021.1532.61906	2021/0016.	2021/EP/005703	62.106,54 €.

Visto que, no expediente de subvención n.º 6405/2019 consta a solicitude tramitada ante a Excm. Deputación de Pontevedra, ao abeiro das “Bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2020”, publicadas no BOPPO, n.º 1, do 02/01/2020, para levar a cabo o investimento denominado “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA 2020023029**”, así como a notificación da resolución de concesión de axuda, por importe **62.106,54 €**, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

INVESTIMENTO PC/2020	Nº EXPTE.	IMPORTE SUBVENCIÓN	PORCENTAXE FINANCIAMENTO
Mellora dos servizos urbanísticos R/ Manuel Murguía.	2020023029	62.106,54	100%

Visto o Decreto desta Alcaldía n.º 2020-0921, de data 05/08/2020, pola que se **acepta a axuda** concedida pola Excm. Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2020, para levar a cabo as obras de “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA 2020023029**”.

Visto o proxecto das obras de “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA 2020023029**”, redactado polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, que foi aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión do 20/05/2020, e que ascende a:

Execución material		43.132,54
13% Gastos xerais	5.607,23	
6% Beneficio industrial	2.587,95	8.195,18
Valor estimado		51.327,72
21% IVE		10.778,82
Presuposto base licitación		62.106,54



Vista a constancia no expediente da Acta de replanteo previo, de data 20/05/2020, asinada polo Concelleiro de Obras Públicas, D. Samuel Lago Ozón e polo arquitecto municipal redactor do proxecto, D. Antonio Espinosa Murias.

Visto que, no expediente de contratación nº 2932/2021, constan as autorizacións/informes de normativa sectorial que lle afectan ao proxecto:

VIABILIDADE SECTORIAL. As obras a que se refire este proxecto están afectadas pola lexislación sectorial seguinte:	
<p>DITAME COMISIÓN TÉCNICA PATRIMONIO HISTÓRICO MUNICIPAL</p>	<p>CERTIFICO: Que a Comisión Técnica do Patrimonio Histórico Municipal de Cambados, en sesión celebrada o 15 de marzo do ano dous mil dezaioito, emitiu entre outros, o seguinte dictame:</p> <p>INSTANCIA DO ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS: Solicitando informe para mellora dos servizos urbanísticos da Rúa Manuel Murguía.-</p> <p>Visto o expediente, a Comisión Técnica acorda informar favorablemente a proposta, debendo remitir o Proxecto de Control Arqueolóxico á Consellería de Cultura para a súa revisión e emisión do correspondente informe.</p> <p>A Comisión Técnica, por unanimidade, acorda informar favorablemente a petición.</p>
<p>CONSELLERÍA DE CULTURA</p>	<p>De acordo con todo o exposto, RESOLVO</p> <p>Autorizar a realización do control arqueolóxico das obras de mellora dos servizos urbanísticos da rúa Manuel Murguía, Cambados, baixo as seguintes condicións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Deberá comunicarse coa suficiente antelación as datas de inicio e remate da intervención á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, preferentemente, a través da dirección de correo electrónico ou fax indicados na cabeceira deste escrito. 2.- De apareceren restos arqueolóxicos en posición primaria informarase, de inmediato, ó devandito departamento territorial, para a adopción das medidas oportunas. 3.- Rematada a actuación presentarase, por duplicado, o informe valorativo da intervención, no prazo máximo de dez días e a memoria técnica coa copia da acta de depósito de materiais (no seu caso), estendida polo responsable legal do museo, no prazo de seis meses. Unha copia desta documentación presentarase en formato dixital: CD/memoria USB ou por vía telemática (repositorio electrónico); no que se agregarán todas as fotografías xerais e de detalle incluídas na memoria técnica, en formato "JPG" ou "TIFF", cunha resolución mínima de 1800 píxeles no seu lado máis longo e cos seus respectivos plans de foto ou índice descritivo en formato texto; así como copia dos planos da memoria técnica (plantas, alzados e seccións), nun formato compatible cos sistemas de información xeográfica ("GIS"), e que garanta a interoperabilidade ("DWG", "SHP", "DXF", etc.). As plantas deberán integrarse no plano topográfico xeral do xacemento. <p>Dirección arqueolóxica: Ángel Concheiro Coello. Situación: Rúa Manuel Murguía, Cambados. Tempo de realización: 5 días. Clasificación da actividade: Preventiva. Os materiais arqueolóxicos depositaranse no prazo de seis meses no: Museo Provincial de Pontevedra.</p>
<p>No proxecto de renovación e mellora de servizos da Rúa Manuel Murguía correxíronse as partidas das instalacións de saneamento de pluviais e fecais, facendo o sistema separativo, que por erro tiña unha confusión coa rede de abastecemento.</p> <p>Estas partidas non afectan ao acabado da rúa, non sendo necesaria unha nova autorización da Comisión Municipal de Patrimonio. Deberá comunicarse a corrección/especificación realizada nas partidas de obra, ao Arqueólogo Director da excavación arqueolóxica para que mediante un anexo, o recolla nas tarefas a controlar e se poña en coñecemento da Consellería de Cultura, para a súa autorización.</p>	<p>A Xefatura Territorial de Cultura, en data 28/05/2020, indica que non é necesaria a ampliación do control arqueolóxico xa autorizado.</p> <p>Traio seu estudo, os nosos servizos técnicos indican o seguinte:</p> <p>"... considero que as novas disposicións das obras non modifican substancialmente o obxecto do proxecto autorizado, tal e como expón o arqueólogo director da intervención, polo que, na miña opinión, non é necesario proceder a unha ampliación do proxecto arqueolóxico. Non hai inconveniente polo tanto e desde o punto de vista arqueolóxico no inicio das obras de mellora dos servizos urbanísticos da rúa Manuel Murguía. Cómpre comunicarlle ao concello tal circunstancia."</p> <p>Tendo en conta a documentación aportada e o informe técnico transcrito, non é necesaria a ampliación do control arqueolóxico xa autorizado, polo que non existe inconveniente, desde o punto de vista arqueolóxico, para o inicio das obras de mellora dos servizos urbanísticos da rúa Manuel Murguía de Cambados.</p> <p>O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.</p>

Visto que o prezo estimado do contrato (51.327,72 €) é inferior a 80.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adjudicarse por procedemento aberto simplificado abreviado.

Prezo estimado do contrato	51.327,72
21 % IVE	10.778,82
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	62.106,54



Vista que, no *Expediente de contratación n.º 2932/2021* consta a Memoria xustificativa do órgano de contratación, de data 07/07/2021, relativa á necesidade do contrato.

Visto que, consta no expediente a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 2021.1532.61906 e de retención (2021/EP/005703), de data 09/07/2021.

Visto o informe xurídico da Secretaría relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 04/08/2021.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 05/08/2021.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, dítarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Anexo de definición de melloras do proxecto das obras de “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA**”, redactado polo Arquitecto Municipal, D. Antonio Espinosa Murias e que se incorporaron, como criterios de selección, á Cláusula décima do Prego.

SEGUNDO.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA**” e que forma parte do expediente.

TERCEIRO.- Aprobar o *expediente de contratación n.º 2932/2021*, tramitado para a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado das obras de “**MELLORA DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS DA RÚA MANUEL MURGUÍA**”

O orzamento base de licitación é o seguinte:

Prezo estimado do contrato	51.327,72
21 % IVE	10.778,82
PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN	62.106,54

CUARTO.- Autoriza-lo gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021.1532.61906	62.106,54

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>) e insertar a documentación correspondente na ferramenta



SILEX da Consellería de Facenda (https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

SEXO.- A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

SÉTIMO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

